



NOTA DE PRENSA

12M15M PRIMAVERA GLOBAL

OS MOVEMENTOS SOCIAIS VIGUESES SE SUMAN ÁS MOBILIZACIÓN GLOBAIS DO 12 DE MAIO

- *As cidadás e os cidadáns mobilizaranse en todo o mundo, tal e como sucedera en outubro, na segunda manifestación por un cambio global.*
- *En Vigo, as mobilizacións sairán de Praza de España ás 19h. E percorreren Gran Vía, Urzáiz e Colón ata a praza da Estrela, onde se leerá un manifesto.*

Vigo, a 4 de maio de 2012

Os movementos sociais 15M Vigo e Democracia Real Xa Vigo, xunto coa plataforma ECOAR, comunican que a cidade de Vigo se suma ás mobilizacións globais do vindeiro 12 de maio. Esa é a data elixida para chamar á cidadanía a tomar as rúas de novo e alzar as súas voces para mostrar a súa indignación pedindo un cambio global.

Estas mobilizacións e accións globais surxen como unha resposta unitaria e coordinada para mostrar o descontento actual cun sistema inxusto, no que a riqueza se acugula en mans de uns poucos, fronte o 99% que sofre as consecuencias dunha crise mundial produto da avaricia dunha élite. Como cidadáns do mundo, entendemos que non somos mercadoría en mans da clase política e da banca.

A protesta levarase a cabo a través de marchas apartidistas e pacíficas que percorreren todo o mundo, dende Nova Iorque ata Sidney, pasando por Barcelona, Berlín ou París, entre outros. En Vigo, a saída efectuarase ás 19h dende a Praza de España, percorrendo as rúas do centro como Gran Vía e Urzáiz ata a Praza da Estrela, onde se leerá un manifesto internacional.

12 de maio

O 12 de maio é a data elegida en todo o mundo para saír as rúas a mostrar a indignación. Hai meses que se ven traballando neste chamamento global. O pasado 15 de outubro se tomaron as rúas de máis de 1000 cidades de 82 países. O movemento de indignación organizouse e comezou a camiñar pola rúa da dignidade e o cambio global. Eso foi hai máis de seis meses e todavía se están a levantar as voces para facer que os políticos e os banqueiros entendan que deste xeito non nos representan, xa que representan a unha clase privilexiada e non á maioría da poboación.

Os gobernos reveláronse como instrumentos do que chaman “os mercados”, que en realidade son grandes empresas transnacionais e financeiras con nome e apelidos. Denunciamos e rexeitamos o engano que fan sobre a cidadanía, presentando como única saída posible da crise os recortes sociais, a través da perda de dereitos e liberdades. Persoas e colectivos ao longo de todo o mundo demostran que hai alternativas para saír da crise e que outros camiños son posibles e necesarios.

As mobilizacións que se estenderon por todo o planeta a partires da primavera do 2011, foron un revulsivo social ante a situación imposta; un movemento esperanzador que non debemos esquecer nin deixar desaparecer. Subliñamos, non só as ameazas sobre as nosas economías, senón sobre a “democracia” mesma: menos do 1% decide sobre o presente e futuro do outro 99%.

Comisión de Prensa y Comunicación 12M-15M

Tel: 647 423 580

prensa15mvigo@gmail.com

www.15mvigo.org

www.facebook.com/15Mvigo

Twitter: @15M_Vigo